

Son as aulas lugar de socialización. É nelas onde se sustenta boa parte da base que conforma cada pobo. A súa importancia foi así sinalada onte na XIII Festa dos Pereiriños, que nunha nova ocasión

mesturou o recordo da necesidade da educación co impulso á cultura galega, en especial a través do idioma. Nun día no que os máis pequenos foron os protagonistas, a carballeira estradense de

Pousada encheuse de risos e ledicia debuxados nas facianas dos máis pequenos. As diversas actividades fixeron da xornada de onte, un intre para conservar no baúl dos records.

Sete letras máxicas na carballeira de Pousada


Curantes acolle a XIII Festa dos Pereiriños do colexio do Foxo

SILVIA ALENDE ■ A Estrada

Patria, Obelisco, Ultreia, Sacrificio, Aloumiño, Distinción e Alegría. Todas estas verbas conforman Pousada. Son as artífices tanto polo que representan como polo xogo que agochan. Pousada está detrás de cada unha das iniciais deses termos, que no día de onte foron simbolicamente pronunciadas pola encargada de dar lectura ó pregón da XIII Festa dos Pereiriños, a escritora Concha Blanco. A carballeira de Pousada, na parroquia de Curantes, foi precisamente o lugar no que na pasada xornada se mesturou o recordo da importancia da escola e a educación como pedra angular da sociedade co impulso á cultura galega.

Os máis pequenos foron os protagonistas dunha tradición cuxas orixes se remontan a comezos do século e da que dous recoñecidos intelectuais estradenses e promotores do idioma galego, Manuel García Barros e Manuel Daniel Varela Buxán tamén formaron parte no seu día, deixando unha pegada sempre recordada. Pasou o tempo e fai agora 13 anos A Estrada volveu recuperar unha das súas festas máis senlleiras. Nunha ocasión máis, foron o Colexio de O Foxo, xunto coa Asociación de Nais e Pais do centro —a ANPA Alecrín—, o Concello da Estrada, a Fundación Cultural da Estrada e a Agrupación Folklórica Abrente os impulsores dun día de festexo no que se

puxo de manifesto o labor imprescindible da escola nos pobos, tal e como o recollera Varela Buxán cando afirmaba: “o mellor faro para impedir que os pobos tropecen é unha escola”, según sinalou onte o profesor e membro de Edicións Fervanza,



A Festa dos Pereiriños contou cun sinfín de actividades, tales como a presentación dunha obra literaria (arriba), as representacións artísticas (arriba-dereita) e a lectura do pregón (dereita). // Bernabé/Luismy

Carlos Loureiro, no momento de presentar a obra de Varela Buxán “A Xustiza dun Muíneiro”.

O de onte foi un día que deu moito de sí. As bombas de palenque anunciaron unha mañá que se agoiraba intensa. Así sucedeu, e as diferentes actividades foron enchendo de festa e sorriso os campos da carballeira de Pousada. Tras unha primeira actuación da Agrupación Folklórica Abrente, procedeuse á apertura de exposicións e de xogos tradicionais, que fixeron agromar un sincero riso nas facianas de pequenos e maiores.

Xa de cara ao mediodía, tiivo lugar a lectura de pregón, tarefa encargada a xa citada escritora Concha Blanco. Esta experta das letras é xa unha boa amiga dos alumnos de O Foxo, xa que tal e como ela mesmo recordou “non hai dous sen tres” e esta era, de feito, a terceira oca-



sión na que alumnos e escritora se atopaban despois de que en marzo os pequenos a foran visitar a Cee e ela puxese o pé na Estrada en maio. No seu discurso non olvidou a loubanza á figura dos mestres e pediulle a todos os “pereiriños” que os coidasen, recordando tamén que “son os bos alumnos os que fan bos mestres”.

Chegou seguidamente a quenda de Carlos Loureiro para facer a presentación de “A Xustiza dun Muíneiro”. Lembrou o



mestre o realismo que caracteriza ás obras deste autor estradense, tal e como ocorre nesta, que nas súas verbas “é unha historia de amores tardíos”. A entrega dun recordo a todos aqueles cunha presenza destacada na festa e un xantar de confraternidade foron os pasos previos a unha tarde chea de representacións artísticas dos estudantes do Foxo, que tal e como afirmou Concha Blanco, obteñen na escola “as ás necesarias para despois lanzarse a voar”.

HOXE
presentación e sinatura

En El Corte Inglés
de Vigo,

ás 8 da tarde, na nosa Sala de
Ámbito Cultural, na 7ª planta,

**Xosé Carlos
Caneiro**
BLUE MOON

“Brunto T soire serios trastornos mentais, casado con Rosa, namórase perdidamente da muller do seu psiquiatra, un individuo capaz de calquera cousa por acadar éxito na súa profesión. A relación entre todos chega a ser obsesiva, apaixonada e profunda”.

